

Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

.../...

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

O Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, queda modificado como segue:

Un. O artigo 5 queda redactado como segue:

« Artigo 5º. Solicitudes de inclusión.

O persoal interesado en formar parte das listas cubrirá a instancia segundo o modelo que poderá descargar no portal web corporativo da Xunta de Galicia www.xunta.gal, xuntando a esta, a documentación que acredite que reúne os requisitos propios da categoría, corpo, grupo, escala ou especialidade en que solicita inscribirse.

Así mesmo, fará constar en que ámbito desexa prestar os seus servizos, ata un máximo de oito por cada categoría, corpo, escala ou especialidade, de conformidade coas seguintes posibilidades:

1. Con carácter xeral:

* Para a cobertura de postos reservados ao persoal funcionario:

- **Subgrupos A1, A2, C1, C2 e grupo B**: servizos centrais, autonómico ou provincial.

Excepcionalmente, poderán determinarse nalgúns corpos, escalas ou especialidades ámbitos inferiores á provincia.

- **Agrupación profesional de persoal funcionario** da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia: conxunto de municipios segundo se determine na correspondente resolución de apertura do prazo de presentación de solicitudes.

* Para a cobertura de postos reservados a persoal laboral:

Servizos centrais, autonómico, provincial ou agrupación de municipios.

2. No ámbito da defensa contra incendios forestais e o ambiente:

a) Para a cobertura de postos nos Servizos de Defensa contra Incendios Forestais:

Distrito forestal ou comarca segundo se determine na correspondente resolución de apertura do prazo de presentación de solicitudes.

b) Para a cobertura de postos no ámbito dos Servizos de Conservación da Natureza:

Distrito, comarca, bacía ou parque natural segundo se determine na correspondente resolución de apertura do prazo de presentación de solicitudes».

Dous. O artigo 6 queda redactado como segue:

« Artigo 6.

Prazo de presentación de solicitudes

As novas solicitudes poderanse presentar:

1. Cando se publique a resolución de apertura do prazo de presentación de solicitudes por parte da **dirección xeral competente** en materia de función pública e no prazo establecido nela.

2. No caso de listas elaboradas de conformidade co previsto no presente decreto que se atopen en xestión, desde o día 1 de marzo ata o día **30 de abril** de cada ano, elaborándose no período comprendido entre o **1 de xuño** e o 31 de decembro do mesmo ano.

Porén, en calquera momento en que a Administración considere que unha determinada lista está saturada porque non se produzan contratacións ou nomeamentos, ou ben polo excesivo número de persoas inscritas, poderá determinar o peche da incorporación de novas solicitudes, coa excepción das persoas interesadas que superasen algunha proba do último proceso selectivo, ou teñan prestado servizos **na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico que teñan publicadas as súas RPT's,** para a lista correspondente a esa categoría, corpo, escala ou especialidade».

Tres. O artigo 7 queda redactado como segue:

«Artigo 7º. Modificación de ámbitos e datos persoais

As persoas inscritas nas listas que desexen cambiar de ámbito ou modificar os seus datos persoais deberán facelo mediante unha solicitude con presentación electrónica. O modelo de solicitude estará a disposición das persoas interesadas no portal web corporativo da Xunta de Galicia.

As solicitudes poderán presentarse:

1. Para cambio de ámbito: No mes de xaneiro de todos os anos, producirán efectos na xestión das listas a partir do 1 de marzo seguinte.
2. Por cambio de datos persoais: en calquera momento; producirán efectos na xestión das listas desde o día seguinte ao da súa presentación.

Exceptuase da presentación electrónica obrigatoria a comunicación do número de teléfono móbil, que tamén se poderá presentar, en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou norma que a substitúa, mediante modelo normalizado que se poderá descargar no portal web corporativo da Xunta de Galicia www.xunta.gal. Estas solicitudes non electrónicas produciran efectos transcorridos 10 días contados dende a data de presentación».

Catro. O artigo 8 queda redactado como segue:

«Artigo 8º. Requisitos

Serán requisitos indispensables para poder inscribirse nas listas posuír a titulación ou formación académica esixida para cada

categoría, corpo, grupo, escala ou especialidade e os demais requisitos legalmente esixidos para participar na convocatoria pública das correspondentes probas selectivas na data de presentación da solicitude de inclusión na lista pola persoa interesada en formar parte da mesma.

Neste senso, as/os solicitantes deberán posuír para os subgrupos A1, A2, C1, e grupos B, I,II e III, o Celga 4 ou equivalente, para o subgrupo C2 e grupo IV, o Celga 3 ou equivalente e finalmente para a agrupación profesional de funcionarios e grupo V, o Celga 2 ou equivalente.

Soamente se concederá validez aos cursos ou titulacións homologados polo órgano competente de conformidade coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega ou norma que a substitúa».

Cinco. O artigo 9 queda redactado como segue:

«Artigo 9º. Baremo.

O baremo aplicable para a elaboración das listas para a cobertura de postos reservados a persoal funcionario e persoal laboral será o seguinte:

a) A suma das notas das probas superadas no último proceso selectivo da Xunta de Galicia para o grupo, escala, especialidade ou categoría na que se solicita a inscrición na lista ata a ponderación de 40 puntos segundo a seguinte fórmula: suma das notas obtidas nas probas do proceso selectivo multiplicado por 40 e dividido entre a suma das notas máximas posible das probas do proceso selectivo.

A puntuación deste epígrafe porase de oficio a cero con motivo da resolución dun novo proceso selectivo para o mesmo grupo, escala, especialidade ou categoría da lista na que se encontre inscrito a persoa interesada, incluíndose, así mesmo, de oficio e, de ser o caso, a nova puntuación.

Entenderase resolto un proceso selectivo coa publicación do resultado do acto de elección de destino do persoal de novo ingreso.

b) Por cada mes completo de servizos **efectivamente** prestados na mesma categoría, corpo ou escala, **na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou en entidades públicas instrumentais do sector público autonómico sempre que neste último caso teñan publicadas as súas RPT's: 0,15 puntos**, ata un máximo de 20 puntos.

c) Por cada chamamento pola mesma lista, aceptado e rematado sen renuncia ao desempeño do posto: 0,2 puntos, ata un máximo de **4 puntos**. Só se terán en conta os chamamentos atendidos polas novas listas elaboradas a raíz da entrada en vigor deste decreto.

En todo caso só se terán en conta os méritos alegados que o solicitante reúna o día 31 de decembro inmediato anterior».

Seis. O artigo 9.bis queda redactado como segue:

«Artigo 9.bis

Para os efectos exclusivos de elaboración das listas para a cobertura de postos reservados ás categorías de persoal laboral dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais, o baremo será o seguinte:

a) Por servizos prestados:

1º Por cada mes completo de servizos **efectivamente** prestados na mesma categoría, corpo ou escala, **na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia: 0,30 puntos**, ata un máximo de 40 puntos

2º Por cada mes completo de servizos **efectivamente** prestados en concellos ou mancomunidades de municipios da Comunidade Autónoma de Galicia **ou demais entidades instrumentais do sector público autonómico na mesma categoría, categorías análogas ou asimilables: 0,15 puntos**, ata un máximo de 20 puntos.

A suma das puntuacións dos apartados 1º e 2º non poderá superar en ningún caso os 40 puntos.

b) Polo coñecemento do terreo da forma establecida na resolución da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración das listas reguladas polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo, correspondentes a determinadas categorías de persoal laboral dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais e de persoal do Plan INFOGA.

Por acreditación do coñecemento do terreo nalgún dos concellos incluídos nos distritos forestais que solicitan: 10 puntos

c) A suma das notas das probas superadas no último proceso selectivo da Xunta de Galicia para o grupo, escala, especialidade ou categoría na que se solicita a inscrición na lista ata a ponderación de 40 puntos segundo a seguinte fórmula: suma das notas obtidas nas probas do proceso selectivo multiplicado por 40 e dividido entre a suma das notas máximas posible das probas do proceso selectivo.

A puntuación deste epígrafe porase de oficio a cero con motivo da resolución dun novo proceso selectivo para o mesmo grupo, escala, especialidade ou categoría da lista na que se encontre inscrito a persoa interesada, incluíndose, así mesmo, de oficio e, de ser o caso, a nova puntuación.

Entenderase resolto un proceso selectivo coa publicación do resultado do acto de elección de destino do persoal de novo ingreso.

d) Por cada chamamento pola mesma lista, aceptado e rematado sen renuncia ao desempeño do posto: 0,2 puntos, ata un máximo de **4 puntos**. Só se terán en conta os chamamentos atendidos polas novas listas elaboradas a raíz da entrada en vigor deste decreto.

En todo caso só se terán en conta os méritos alegados que o solicitante reúna o día 31 de decembro inmediato anterior».

Sete. O artigo 13 queda redactado como segue:

«Artigo 13º. Procedemento para solicitar a cobertura temporal de postos.

Producida a necesidade de cobertura temporal dun posto, **a secretaría xeral técnica ou órgano equivalente con competencia en materia de persoal** dirixirase, á maior brevidade posible, á Dirección Xeral da Función Pública e solicitará a persoa que, segundo a orde de prelación que figura na lista, lle corresponda ser chamada.

As solicitudes deberán xerarse e enviarse asinadas electronicamente empregando o sistema electrónico de solicitudes de cobertura temporal que a Dirección Xeral da Función Pública porá a disposición das unidades administrativas solicitantes, sendo tramitadas por

rigorosa orde de recepción.

Oito. O artigo 14 queda redactado como segue:

«Artigo 14. Os chamamentos aos aspirantes.

1.Os chamamentos faranse polo medio máis áxil que permita ter constancia da súa recepción a través de medios electrónicos, quedando obrigados os integrantes das listas a recibilos por esta vía nos termos establecidos nos artigos 41 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para tales efectos, a notificación de cada chamamento farase aos interesados empregando o sistema de notificacións electrónicas da Xunta de Galicia, Notific@. Adicionalmente realizarase unha comunicación mediante SMS con acuse de recibo que poderá completarse mediante o envío dun correo electrónico ás persoas aspirantes. O acuse de recibo proporcionará información da recepción polo teléfono da persoa citada.

Na mensaxe da notificación mediante Notific@ e da comunicación vía SMS e, se é o caso, correo electrónico, incluírase o código individual da citación e un enlace que permitirá ás persoas seleccionadas ao chamamento, acceder directamente, a través do portal web da Xunta de Galicia, ao contido íntegro da citación enviada, **na que figurará a data e hora na que se resolverá o chamamento.**

As persoas seleccionadas, no prazo máximo de 5 días naturais dende a posta a disposición da notificación en Notific@, deberán acceder ao sistema de elección de prazas e establecer a orde de prelación de todos os postos ofertados e validar a súa elección.

A validación da súa elección suporá a aceptación do chamamento polo aspirante nos termos seleccionados.

No caso de que o aspirante ao chamamento non acceda ou non valide a súa elección de prazas no prazo indicado suporá o rexeitamento do chamamento polo aspirante coas consecuencias, en cada caso, establecidas neste Decreto.

En calquera caso, a notificación do chamamento entenderase rexeitada cando teñan transcorridos cinco días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedese ao seu contido.

No suposto de que a persoa seleccionada reciba varios chamamentos consecutivos durante o prazo previsto no parágrafo anterior, deberá atender por orde de recepción as citacións enviadas ás que seranlles de aplicación as regras precedentes, sendo resoltos os chamamentos por estrita orde de citación.

A acreditación da notificación efectuada ou no seu caso o rexeitamento incorporárase ao expediente.

2. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesaria a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente.

Neste suposto, o persoal funcionario que os realice fará constar mediante dilixencia a realización dos mesmos, e si tiveron ou non resposta.

Un representante da parte social na **comisión** terá dereito a estar presente en todos os chamamentos **telefónicos** a tal fin a persoa encargada facilitaralle a información que precise».

Nove. O artigo 15 queda redactado como segue:

«Artigo 15. Suspensión dos chamamentos.

1. De oficio

A aceptación dun chamamento polas listas elaboradas en aplicación deste decreto, para unha categoría, corpo, escala ou especialidade, suporá a suspensión dos chamamentos tanto para outros ámbitos da mesma lista como para as listas correspondentes a outras categorías, corpos, escalas ou especialidades, coas excepcións que a continuación se indican:

- A) As persoas integrantes dunha lista que estean en situación de suspensión por ter sido seleccionadas para ocupar un posto ou por estar prestando servizos nun posto non vacante serán chamadas para a cobertura de posto vacante da mesma categoría, corpo, escala ou especialidade por unha soa vez.
- B) As persoas integrantes das listas que, como consecuencia de ter sido seleccionadas para ocupar un posto ou estaren prestando servizos nunha categoría, corpo, escala ou especialidade, estean en situación de suspensión noutras listas serán chamadas por unha soa vez en cada unha destas para a cobertura de posto vacante.

Non obstante, as diferentes opcións das que dispoñen os integrantes das listas que se atopan nos supostos recollidos nos apartados A) e B) recuperanse nas mesmas condicións transcorridos catro anos desde que se entenden executadas as

posibilidades de optar ao acto de selección da correspondente oferta.

Para os efectos deste decreto, entenderase por posto vacante aquel que careza de titular. No obstante, os postos reservados a persoal laboral con xornada igual ou inferior **ao setenta por cento** da xornada ordinaria e os postos de carácter discontinuo cun período de actividade igual ou inferior a seis meses ao ano terán sempre a condición de postos non vacantes.

2. Por solicitude da persoa interesada.

As persoas integrantes das listas que non estean prestando servizos a través das listas elaboradas en aplicación deste decreto poderán solicitar a suspensión das citacións. O modelo de solicitude estará a disposición das persoas interesadas no portal web corporativo da Xunta de Galicia e deberá presentarse electronicamente.

A solicitude terá efectos en todas as listas en que estea inscrita a persoa solicitante desde o día seguinte á súa presentación.

A suspensión manterase en canto a persoa interesada non presente solicitude de reincorporación. A solicitude de reincorporación presentarse electronicamente no modelo que estará a disposición das persoas interesadas no portal web corporativo da Xunta de Galicia e producirá efectos transcorridos **10 días** desde a súa presentación».

Dez. O artigo 16 queda redactado como segue:

«Artigo 16. Credenciais

Nas notificacións remitidas a través do sistema electrónico de notificacións da Xunta de Galicia, comunicarase a todos os aspirantes incluídos en cada citación, a data de resolución do chamamento así como a dirección web á que poden acceder para comprobar se foron

seleccionados para algún dos postos ofertados. Nesta data, poderán acceder ao sistema para coñecer o resultado do chamamento e no caso de ser seleccionado pola dirección xeral competente en materia de Función Pública, poderá descargar a credencial de adxudicación do posto e calquera outra información adicional relativa a dita adxudicación.

En todo caso, ás persoas que resultaran adxudicatarias do posto nalgunha das citacións, enviaráselle un acceso directo á descarga da credencial mediante SMS e, se é o caso, por correo electrónico.

O acceso á credencial pola persoa seleccionada farase nun prazo non superior a un día hábil, para a súa presentación no posto de traballo no prazo que nela figure, ao que deberá acudir coa documentación que en cada caso se lle esixa».

Once. O artigo 17 queda redactado como segue:

«Artigo 17. Situación nas listas e renuncia

1. As persoas integrantes dunha lista non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda nela ata que prestasen servizos durante **un ano**. Mentres isto non ocorra, retornarán á posición que lles corresponda na lista de acordo coa súa puntuación ao cesar no posto para o cal fosen nomeadas ou contratadas.

2. As persoas integrantes dunha lista que prestasen servizos durante **un ano** pasarán a ocupar a última posición na lista durante catro meses ao remate do nomeamento ou da contratación. Transcorridos os catro meses volverán automaticamente á posición que lles corresponda na lista de acordo coa súa puntuación.

3. As persoas integrantes dunha lista que renunciasen a formar parte dela non poderán incorporarse na mesma lista ata que transcorra o prazo dun ano desde a data da renuncia, e logo de solicitude de inscrición».

Doce. O artigo 18 queda redactado como segue:

«Artigo 18. Penalización.

1. As persoas integrantes dunha lista que non aceptasen ou rexeitasen os postos ofertados aos que están obrigadas, non se presentasen no posto de traballo previsto na credencial no prazo indicado ou renunciasen a un posto para o que foron seleccionadas, quedarán excluídas dos chamamentos durante un ano, que se contará desde a data do feito causante da exclusión.

Exceptúase do disposto no parágrafo anterior:

a) A falta de aceptación ou rexeitamento do posto, a non presentación ou a renuncia ao posto cando traia causa de forza maior.

b) A renuncia a un posto para desempeñar outro vacante, nos supostos previstos no artigo 15.1 deste decreto.

c) A renuncia a un posto reservado a persoal laboral con xornada igual o inferior á metade ao setenta por cento da xornada ordinaria ou a un posto de carácter discontinuo cun período de actividade igual ou inferior a seis meses, unha vez transcorridos seis meses desde a data do inicio de prestación de servizos que figura no contrato. Neste caso, o traballador terá a obriga de realizar un aviso previo con vinte días naturais de antelación á data de efectos da renuncia ao servizo de persoal correspondente.

O persoal que renuncie a un posto con xornada igual ou inferior á metade ao setenta por cento da xornada ordinaria ou a un posto

descontinuo cun período de actividade igual ou inferior a seis meses nos termos previstos no parágrafo anterior, terá dereito á non aceptación dos postos que se lle oferten desta natureza durante o período dun ano desde a renuncia.

d) A renuncia a un posto derivada de ter recoñecida unha discapacidade que comporte unha imposibilidade ou unha limitación substancial para desempeñar as funcións do posto, unha vez apreciada esta circunstancia pola Comisión Permanente, cos informes que, de ser o caso, considere pertinentes.

e) Calquera outra causa de entidade suficiente, debidamente acreditada polo interesado, que se considere procedente pola Comisión Permanente previo acordo adoptado ao respecto.

2. As persoas integrantes das listas que estean penalizadas e queiran volver a formar parte delas poderán solicitar a reincorporación. A solicitude de reincorporación presentada durante o período de penalización producirá efectos transcorrido o prazo dun ano, que se contará desde a data do feito causante da exclusión. A solicitude presentada con posterioridade ao remate do período de penalización producirá efectos o día seguinte ao da súa presentación.

A solicitude de reincorporación deberase realizar e presentar electronicamente no portal web corporativo da Xunta de Galicia».

DISPOSICION ADICIONAL PRIMEIRA. Encomenda de xestión.

A realización material dos chamamentos ao persoal integrante das listas confeccionadas de conformidade co este decreto para a cobertura de postos correspondientes a centros e/o unidades dependentes dunha/s consellerías en concreto, poderá encomendarse as mesmas mediante o procedemento e nos supostos previstos no artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou norma que a substitúa.

DISPOSICION ADICIONAL SEGUNDA Xestión das listas para persoas con discapacidade intelectual

No ano 2018, acórdase a apertura dunha lista para a incorporación de solicitudes para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia do grupo V, categoría 003 (ordenanza e outras), en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual.

A apertura desta lista e a súa posta en xestión require establecer unha serie de criterios que respondan ao obxectivo de integración no ámbito do emprego público do colectivo de persoas con discapacidade intelectual e permitan establecer un método de xestión áxil e coherente en relación coas solicitudes de cobertura de postos de traballo que se reciban nesta lista.

A xestión das listas para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia do grupo V, categoría 003, en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, realizarase conforme aos seguintes criterios:

1. Todas as citacións realizaranse por correo postal e non polo procedemento de urxencia vía telefónica.
2. Os postos de traballo a ofertar non terán a consideración de itinerantes, nin poderan desenvolverse en réxime de quendas nin en horario nocturno, nin seran incompatibles co desenvolvemento das funcións e tarefas asignadas a este colectivo.
3. Os postos a desenvolver terán unha duración mínima estimada de 1 mes.
4. Os postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade intelectual serán provistos, para o seu desempeño temporal en caso de substitucións, por candidatos desta lista.

5. Non se penalizará a aqueles aspirantes que ata en tres ocasións non acepten as prazas ofertadas que se atopen nunha localidade diferente a da súa residencia habitual

Para estes efectos, a xestión das citacións e chamamentos realizarase tendo en conta dúas situacións diferenciadas:

1) Que a porcentaxe de persoas con discapacidade intelectual en servizo activo fose inferior ao 2% do total de traballadores/as do grupo V, categoría 003 da Xunta de Galicia.

Neste senso, de cada cinco chamamentos un deles, e previa aplicación dos criterios antes indicados, sería a través da lista elaborada para persoas que acrediten discapacidade intelectual, salvo que polas especiais características do posto a ofertar, o seu desenvolvemento resulte incompatible coas funcións ou tarefas a realizar por este colectivo.

No caso de non ser posible ofertar o posto ou no caso de non se cubrir ningunha praza (do grupo de cinco chamamentos) mediante candidatos deste colectivo, a cobertura do posto de traballo que lle correspondería engadiríase ao lote dos cinco seguintes postos de traballo a prover. Seguindo este patrón o posto reservado e non adxudicado a este colectivo engadiríase ao bloque dos seguintes cinco chamamentos, ofertándosele entón dúas das cinco prazas a prover.

2) Que a porcentaxe de persoas con discapacidade intelectual en servizo activo fose igual o superior ao 2% do total de traballadores/as do grupo V, categoría 003 da Xunta de Galicia

Neste caso aplicaríase a porcentaxe do 2% e un de cada cincuenta chamamentos estaría reservado a este colectivo.

Os criterios contidos na presente disposición serán igualmente aplicables á xestión das listas para a contratación temporal de persoal da Xunta de Galicia, en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, correspondentes a outros corpos, grupos escalas e categorías que poidan xurdir con motivo dos procesos selectivos que se convoquen.

DISPOSICION ADICIONAL TERCEIRA. Comunicación de número de teléfono móbil.

As persoas integrantes das listas en cuxo expediente non figure un teléfono móbil están obrigadas a comunicalo nun prazo de tres meses desde a publicación deste decreto.

DISPOSICION ADICIONAL CUARTA. Proba extraordinaria de aptitude

Excepcionalmente para a cobertura de postos reservados ao persoal funcionario dos subgrupos A1 e A2 e do persoal laboral dos grupos I e II, cando as características específicas e técnicas dos postos obxecto de cobertura o requiran e resulten debidamente apreciadas pola comisión permanente, poderá realizarse ás persoas inscritas nas listas que por orde de prelación corresponda, unha proba teórica e/ou práctica, co obxecto de acreditar a aptitude necesaria para o desenvolvemento do citado posto.

A convocatoria para realizar a/s dita/s proba/s corresponderalle á consellería á que estea adscrita a praza, previo informe da Dirección Xeral da Función Pública. Do resultado da selección darase conta á comisión permanente

DISPOSICION TRANSITORIA PRIMEIRA. Habilitación para elaboración dunha lista única como resultado da funcionarización

Unha vez rematadas as primeiras probas selectivas de acceso ao corpo, escala, especialidade, grupo, subgrupo ou agrupación profesional de persoal funcionario para incorporar ao persoal laboral funcionarizado ou para dar cobertura ás prazas funcionarizadas orixinariamente clasificadas como laborais, establecerase, se é o caso, unha única lista de chamamentos na cal se valorarán por igual os servizos prestados en virtude de relación xurídica funcional e laboral na categoría funcionarizada.

En tanto non se materialicen as previsións contidas no parágrafo anterior, manteranse vixentes as listas existentes para a contratación de persoal laboral ou para o nomeamento de persoal funcionario interino e os chamamentos faranse a través das listas das categorías nas que estaban clasificados os postos na relación de postos de traballo antes da súa funcionarización.

Non obstante, no caso de ser necesario elaborárase pola comisión permanente unha única lista das características do parágrafo primeiro da presente disposición con anterioridade á finalización dos procesos de funcionarización, na que se computarán por igual os servizos prestados en postos de distinta natureza en relación á lista que se estableza.

Para ser admitido na lista única será necesario cumprir os requisitos esixidos para o acceso ao correspondente corpo, escala ou especialidade na que se clasifica a categoría que se funcionariza, nos termos establecidos no artigo 8 deste decreto.

DISPOSICION TRANSITORIA SEGUNDA. Prazo extraordinario de actualización méritos

Unha vez entre en vigor o presente Decreto, para aplicar o baremo previsto nos artigos nove e nove bis, a Dirección Xeral da Función

Pública, reabrirá de oficio neste ano 2019 un prazo extraordinario de actualización de méritos nos termos establecidos no artigo 12.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

Este decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no DOG, excepto os artigos 14 e 16, que entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2020

Santiago de Compostela, a 1 de febreiro de 2019